

## **ANUNCIO NOMEAMENTO DE FUNCIONARIA INTERINA DIRECTORA DA ESCOLA INFANTIL A TRAVÉS DA BOLSA DE EMPREGO**

O Sr. Alcalde, o día 15-01-2025, ditou a resolución con número 29/2025 que deseguido se transcribe:

### **“RESOLUCIÓN**

**ASUNTO: NOMEAMENTO A TRAVÉS DA BOLSA DE EMPREGO DE TAMARA MATO MELLA FUNCIONARIA INTERINA DIRECTORA ESCOLA INFANTIL**  
**EXPEDIENTE:2023/E001/000019**

### **ANTECEDENTES:**

Logo de ver o Informe-Proposta da Concelleira responsable da Área de Política Social, Igualdade, Saúde e Deporte, Carmen Liñeira Sánchez, do 02/01/2025.

Logo de ver o Informe de Datos para a Cotización-Traballadores por Conta Allea da Tesourería da Seguridade Social do 8/1/2025, onde consta María Jesús Sande Vázquez, Directora da Escola Infantil, en situación de baixa por IT desde o día 28/10/2024.

Logo de ver as “BASES REGULADORAS PARA A CREACIÓN DUNHA BOLSA DE TRABALLO/LISTA DE RESERVA DE UN/UNHA FUNCIONARIO/A INTERINO/A, DIRECTOR/A DA ESCOLA INFANTIL” aprobadas por acordo da Xunta de Goberno Local do día 21/12/2023” (BOP nº 2 do 02/01/2024).

Logo de ver o resultado final do proceso de selección que consta na “ACTA DO 2º EXERCICIO DA FASE DE OPOSICIÓN DO TRIBUNAL PARA A CREACIÓN DUNHA BOLSA DE TRABALLO/LISTA DE RESERVA DE UN/UNHA FUNCIONARIO/A INTERINO/A, DIRECTOR/A DA ESCOLA INFANTIL” do 21 de marzo de 2024:

### **RESULTADO FINAL POR ORDE DECRECENTE DA PUNTUACIÓN OBTIDA PARA A CREACIÓN DUNHA BOLSA DE TRABALLO/LISTA DE RESERVA DE FUNCIONARIO/A INTERINO/A, DIRECTOR/A DA ESCOLA INFANTIL**

	<b>Nome e Apelidos</b>	<b>MÉRITOS</b>	<b>1º EXERCICIO</b>	<b>2º EXERCICIO</b>	<b>TOTAL</b>
<b>1</b>	<b>MATO MELLA, TAMARA</b>	<b>4</b>	<b>8,33</b>	<b>8,75</b>	<b>21,08</b>
<b>2</b>	<b>PELETEIRO ROMÁN, PURIFICACIÓN</b>	<b>7,30</b>	<b>7</b>	<b>6,25</b>	<b>20,55</b>
<b>3</b>	<b>RODRÍGUEZ MARCARELL, ESTEFANÍA</b>	<b>3,50</b>	<b>7,66</b>	<b>8,50</b>	<b>19,66</b>
<b>4</b>	<b>PENA GAREA, NOELIA</b>	<b>4</b>	<b>6,66</b>	<b>5,75</b>	<b>16,41</b>

Logo de ver o Decreto de Alcaldía núm. 9/2025 de data 09/01/2025 e asunto “PROVIDENCIA PARA O CHAMAMENTO A TRAVÉS DA BOLSA DE EMPREGO/LISTA DE RESERVA DUN/DUNHA FUNCIONARIO/A INTERINO/A DIRECTOR/A DA ESCOLA INFANTIL PARA A SUBSTITUCIÓN TRANSITORIA DE MARÍA JESÚS SANDE VÁZQUEZ”:

*“Sendo necesario cubrir a baixa da Directora da Escola Infantil, María Jesús Sande Vázquez, que ese atopa en situación de incapacidade temporal, en virtude das facultades que me outorga a lexislación aplicable, RESOLVO:*

*PRIMEIRO: Que se emita certificado por parte da interventora municipal de existencia de crédito para proceder ao chamamento a través da bolsa de traballo/lista de reserva dun/dunha funcionario/a interino/a, director/a da escola infantil para a substitución da titular. Dese traslado do presente acordo á interventora municipal a estes efectos.*

*SEGUNDO: Unha vez incorporado o anterior certificado, proceder ao chamamento de Tamara Mato Mella, con DNI nº \*\*\*6196\*\*, para que no prazo máximo improrrogable de 2 días hábiles dende a notificación do presente acordo, manifeste o seu interese na praza e, de ser así, presente a documentación sinalada na base 10.2.”.*

Logo de ver o certificado de intervención de existencia de crédito Ref. 7M/2025 do 09/01/2025:

*“Que de acordo cos datos que se desprenden da contabilidade municipal, existe crédito axeitado e suficiente no orzamento do exercicio 2025 para facer fronte ao gasto derivado do CHAMAMENTO A TRAVÉS DA BOLSA DE EMPREGO/LISTA DE RESERVA DUN/DUNHA FUNCIONARIO/A INTERINO/A DIRECTOR/A DA ESCOLA INFANTIL PARA A SUBSTITUCIÓN TRANSITORIA DE MARÍA JESÚS SANDE VÁZQUEZ na bolsa de vinculación xurídica (3-1) con cargo ás aplicacións orzamentarias 3261/120.01, 3261/121.00, 3261/121.01 e 3261/160.00.”*

Logo de ver a notificación do Decreto de Alcaldía núm. 9/2025 de data 09/01/2025 a Tamara Mato Mella (documento xustificante do sistema Notifica.gal).

Logo de ver a documentación achegada por Tamara Mato Mella en data 14/01/2025, núm. de rexistro de entrada 20240000000149.

Logo de ver o Informe da técnica de Administración Xeral de data 14/01/2025 e asunto “DOCUMENTACIÓN CHAMAMENTO A TRAVÉS DA BOLSA DE EMPREGO/LISTA DE RESERVA DUN/DUNHA FUNCIONARIO/A INTERINO/A DIRECTOR/A DA ESCOLA INFANTIL PARA A SUBSTITUCIÓN TRANSITORIA DE MARÍA JESÚS SANDE VÁZQUEZ: **“INFORMO FAVORABLEMENTE** á documentación achegada por Tamara Mato Mella debendo seguirse cos trámites establecidos nas bases para proceder ao seu nomeamento”.

En virtude das facultades que me outorga a lexislación aplicable, **RESOLVO:**

**PRIMEIRO:** Nomear a TAMARA MATO MELLA con DNI nº \*\*\*6196\*\* Directora da Escola Infantil, funcionaria interina da Escala de Administración Especial, Subescala Técnica, Grupo/subgrupo: A2 e Nivel de complemento de destino: 26, con **data de inicio 16 de xaneiro de 2025**, para a substitución transitoria da persoa titular e até a súa reincorporación.

**SEGUNDO:** Publicar o nomeamento na sede electrónica e dar traslado deste acordo aos servizos municipais correspondentes para os efectos legais oportunos.

**TERCEIRO:** Notificar este acordo á interesada

Ordeno e asino en Melide, mércores 15 de xaneiro de 2025. Asdo: O alcalde / José Manuel Pérez Penas. Do que a secretaria da fe. Asdo: A secretaria / María Cruz Andrade García.”

-----  
-

O que se publica para xeral coñecemento

Melide, mércores 15 de xaneiro de 2025. Asdo: A secretaria xeral / María Cruz Andrade García.